

MEMORIA DO LECTORADO DE GALEGO 2023



Instytut Studiów Iberyjskich i Iberoamerykańskich

Lectora: Claudia Mariño Gómez

Responsable: Ana Garrido González

Alumnos por cadeiras (entre xaneiro e setembro de 2023. Desgraciadamente en novembro deixouse de impartir docencia por falta de lector. En outubro a matriculación do curso 2023-24 era de 15 alumnos en cultura 7 en A1 e 4 en B1. Literatura estaba planificada para o 2 semestre):

Lingua A2: 2

Lingua B2: 5

Cultura: 13

Literatura: 15

Actividades

- Aínda que saíu con data de segundo semestre de 2022 por cuestións internas da revista, en xaneiro de 2023 publicouse un volume monográfico sobre literatura especulativa galega, en Madrygal, coordinado desde o CEG de Varsovia. Enlace:

<https://revistas.ucm.es/index.php/MADR/issue/view/4149>



Núm. especial: Ciencia ficción, figuras de exclusión e xénero na cultura galega. Ana Garrido González y Katarzyna Moszczyńska-Dürst (eds.)

Vol. 25 (2022)

Imaxe da capa: Fragmento de *Mirror* de © Emma Ríos (2018). Acuarela e tinta sobre lápiz (29,7 x 42 cm).

Este monográfico é un resultado do proxecto Tránsfugas y parias modernas: género y exclusión en la cultura popular del s. XXI (FEM2017-83974-P) financiado por MCIN/ AEI /10.13039/501100011033/ e por FEDER "Una manera de hacer Europa" e do Grup de Recerca Consolidat Creació i pensament de les dones (2017 SGR 588)

- No día 26 de febreiro organizamos unha conferencia (online) sobre Xohana Torres en colaboración coa Universidade do Algarve. A conferencia foi gravada e está dispoñible online: <https://www.youtube.com/watch?v=9nXvyiwnBbc>



- Durante o mes de abril colaboramos co European Union National Institutes for Culture nun proxecto titulado “Poemas na cidade”. Durante ese mes un poema de Yolanda Castaño en versión bilingue (traducido por Aleksandra Jackiewicz) encheu de poesía as paradas de metro, tranvía, os paneis luminosos ou os parques de Varsovia. Enlace:

https://x.com/Ana_Garrido/status/1651237866704453634?s=20



- O 11 de maio organizamos dúas conferencias (híbridas) "O comer é todo. Reflexións sobre a comida na literatura galega", de Isaac Xubín, e "Santa Inés, unha lectura feminista da muller como Agna Dei", de María Liñeira.



- O 8 de xuño Katarzyna Moszczyńska e Ana Garrido presentamos un relatorio sobre Cobiza e Multitudes de @reimondez no congreso "Reimaginando futuros" na UAHes, deseñado polo grupo de investigación @LabEsDelFuturo.





- O día 6 de setembro no congreso @ACIS44th da Universidade de O Porto Ana Garrido presentou a comunicación “Parias e subalternas. Mulleres nas marxes da construción nacional”:



- Para o 20 de decembro está programada una Festa de Nadal con panxoliñas e gastronomía galega. Preténdese lembrar ao alumnado que, en canto sexa posible, se retomarán as materias do Centro de Estudos Galegos.

Ana Garrido González

Asdo.: *Ana Garrido González*